

Decreto 34/1997, do 20 de febreiro, polo que se regula a organización, as competencias, a composición e o funcionamento da Xunta Superior de Facenda (DOG nº 44, do 5 de marzo de 1997) ⁽¹⁾ ⁽²⁾

A disposición adicional primeira da Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, creou a Tribunal Económico-Administrativo e autorizou ó Consello da Xunta de Galicia para que dictase as disposicións regulamentarias necesarias sobre a súa organización, competencias, composición e funcionamento.

En cumprimento do citado mandato legal dictouse o Decreto 215/1993, do 16 de setembro, que constituíu ata a data a norma reguladora na materia.

O dito decreto remitíase en materia revisora ó procedemento contido no Real decreto 2244/1979, do 7 de setembro, e no Real decreto 1999/1981, do 20 de agosto. Derrogado recentemente este último polo Real decreto 391/1996, do 1 de marzo, faise aconsellable adaptar a esta norma a regulación autonómica nos seus aspectos orgánicos e de funcionamento e prever en canto ó procedemento revisor en materia económico-administrativa a oportuna remisión ó novo texto estatal.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, oído o Consello Consultivo de Galicia, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte de febreiro de mil novecentos noventa e sete,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Carácter, adscrición e sede do Tribunal Económico-Administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. O Tribunal Económico-Administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia é o órgano competente para o coñecemento e resolución das reclamacións económico administrativas, tanto se nelas se suscitan cuestións de feito como de dereito, que se produzan en relación coas seguintes materias:

a) A xestión, inspección e recadación dos tributos propios da facenda da comunidade e, en xeral, de tódolos ingresos de dereito público que correspondan a esta, coa exclusión expresa dos tributos cedidos polo Estado á Xunta de Galicia e dos recargos que se establezan por esta sobre tributos estatais.

¹ *Título modificado polo apartado 1 do artigo terceiro do Decreto 10/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproban determinadas modificacións en materia de taxas e prezos do imposto de contaminación atmosférica e en materia económico-administrativa (DOG nº 18, do 27 de xaneiro de 2009)*

² *De acordo co apartado 8 do artigo terceiro do Decreto 10/2009; todas as referencias feitas no Decreto 34/1997, do 20 de febreiro, e no resto da normativa ao Tribunal Económico-Administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia entenderanse feitas á Xunta Superior de Facenda, substituíndo a denominación Tribunal Económico-Administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia por Xunta Superior de Facenda. (DOG nº 18, do 27 de xaneiro de 2009)*

b) O recoñecemento ou liquidación por autoridades ou organismos da Consellería de Economía e Facenda de obrigas do Tesouro e da Facenda galega e as cuestións relacionadas coas operacións de pagamento polos ditos órganos con cargo a el.

c) Calquera outra respecto da que por precepto legal expreso así se declare.

2. O tribunal a que se refire o apartado anterior quedará adscrito á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, como órgano propio dela e terá a súa sede na dos órganos centrais dela.

Artigo 2º.-Competencias⁽³⁾

1. Corresponderalle ó Tribunal Económico-Administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia o coñecemento e resolución:

a) Das reclamacións económico-administrativas que se interpoñan contra os actos dictados polos órganos centrais da Consellería de Economía e Facenda ou doutras consellerías e os seus organismos autónomos ou entes relacionados coas materias a que se refire o artigo 1º do presente decreto.

b) Das reclamacións económico-administrativas que se interpoñan contra os actos dictados polos órganos periféricos da Administración da Xunta de Galicia ou dos seus organismos autónomos, relacionados coas materias a que se refire o artigo 1 do presente decreto.

c) Dos recursos extraordinarios de revisión promovidos contra os actos firmes, dictados polos órganos a que se refiren as letras a) e b) do presente apartado, e as resolucións do propio tribunal.

d) Dos recursos de anulación

e) Da rectificación de erros en que incurran as súas propias resolucións.

2. Os actos dictados polo conselleiro de Economía e Facenda da Xunta de Galicia en ningún caso serán susceptibles de reclamación económico-administrativa.

Corresponderalle ó dito conselleiro a competencia para coñecer e resolve-los recursos extraordinarios de revisión que se interpoñan contra os seus propios actos.

Artigo 3º.-Composición e funcionamento.⁽⁴⁾

1. A Xunta Superior de Facenda está composta por unha presidencia, tres vogalías e unha secretaria.

a) A Presidencia estará desempeñada pola persoa titular da Dirección Xeral de Tributos.

b) As vogalías polas persoas que ocupen os postos de traballo correspondentes ás subdireccións xerais de Impostos Cedidos, de Recadación e de Taxas, Prezos e demais Tributos Propios.

³ *Apartado 1 modificado polo Decreto 10/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproban determinadas modificacións en materia de taxas e prezos do imposto de contaminación atmosférica e en materia económico-administrativa (DOG nº 18, do 27 de xaneiro de 2009)*

⁴ *Apartados 1 e 4 modificados polo Decreto 10/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproban determinadas modificacións en materia de taxas e prezos do imposto de contaminación atmosférica e en materia económico-administrativa (DOG nº 18, do 27 de xaneiro de 2009)*

c) A Secretaría pola persoa que ocupe o posto da asesoría xurídica da Consellería de Economía e Facenda.

2. No caso de vacante do cargo ó que estea vinculada a vocalía, o conselleiro de Economía e Facenda designará o seu substituto entre os funcionarios das direccións xerais correspondentes, logo de proposta dos directores xerais respectivos.

3. Se algún dos membros do tribunal dictase o acto administrativo obxecto da reclamación participará na deliberación con voz pero sen voto.

4. A Xunta Superior de Facenda funcionará en Pleno e de forma unipersoal. O Pleno estará formado polas persoas que ocupan a Presidencia, cada unha das vogalías e a Secretaría. Todas elas terán voz e voto. A Xunta Superior de Facenda funcionará de forma unipersoal a través da Presidencia, as vogalías ou a Secretaría, en todos aqueles casos previstos na normativa xeral tributaria.

5. Nos casos de ausencia ou enfermidade, e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, substituirá ó presidente o máis antigo dos vocais.

6. O presidente poderá convocar ás sesións do tribunal a funcionarios del que non sexan vocais, co fin de que informen sobre os extremos que se estimen convenientes. Os ditos funcionarios non participarán nas deliberacións.

7. Para a preparación dos relatorios poderán adscribirse ó tribunal os funcionarios que se estimen necesarios.

Artigo 4º.-Funcións dos membros da Xunta Superior de Facenda.⁽⁵⁾

1. Corresponde á Presidencia a convocatoria da Xunta Superior de Facenda, a fixación da orde do día, a dirección das deliberacións, a designación dos órganos unipersoais no procedemento abreviado, a xefatura superior do persoal adscrito á Xunta Superior de Facenda e aqueloutras funcións previstas neste decreto.

2. Corresponden ás vogalías as seguintes funcións e aqueloutras previstas neste decreto:

a) Propoñer as resolucións e demais acordos de terminación no procedemento xeral económico-administrativo.

b) Exercer as competencias que lles correspondan como órganos unipersoais.

c) Realizar as tarefas que lles sexan encomendadas pola Presidencia.

3. Corresponden á Secretaría as seguintes funcións e aqueloutras previstas neste decreto:

a) Dirixir e coordinar a tramitación das reclamacións económico-administrativas.

b) Ditar os actos de trámite e de notificación.

c) Impulsar de oficio o procedemento.

d) Exercer as competencias que lle correspondan como órgano unipersoal.

e) Realizar as tarefas que lle sexan encomendadas pola Presidencia.

4. No procedemento abreviado, o órgano unipersoal ditará todos os actos de trámite e de notificación e, así mesmo, tramitará e resolverá as peticións de suspensión en que sexa competente a Xunta Superior de Facenda

⁵ *Artigo modificado polo Decreto 10/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproban determinadas modificacións en materia de taxas e prezos do imposto de contaminación atmosférica e en materia económico-administrativa (DOGnº 18, do 27 de xaneiro de 2009)*

Artigo 5º.-Formación da vontade do tribunal.

1. Para a válida constitución do tribunal, para os efectos da celebración de sesións, deliberacións e adopción de acordos, será necesaria a asistencia do presidente, secretario e dous vocais. Non obstante en materia de suspensión bastará un.
2. Os acordos serán adoptados pola maioría de asistentes, e dirimirá os empates o voto do presidente.
3. Ningún dos membros do tribunal poderá absterse de votar, e o que disinta da maioría poderá formular voto particular por escrito, no prazo de corenta e oito horas, que se incorporará ó expediente sen que se faga mención ningunha nas resolucións nin na notificación dela.
4. En calquera caso, quen formule voto reservado poderá propoñer-la declaración de lesividade da decisión, dirixíndose directamente ó director xeral do centro ó que corresponda a xestión do ramo a que o acto administrativo pertenza, enviándolle copia do acordo ou resolución e do seu voto reservado cos razoamentos que considere oportunos.

Artigo 6º.-Actas das sesións.

1. De cada sesión que celebre o tribunal levantarase acta, que conterá a indicación dos asistentes, lugar e tempo da reunión, mención dos expedientes vistos, resultado das votacións e sentido dos acordos.
2. As actas aprobaranse na mesma ou posterior sesión, asinaranse polo secretario co visto e prace do presidente e conservaranse correlativamente numeradas na secretaría.
3. Consideraranse sesións distintas, aínda que se celebren o mesmo día, e delas levantarase actas por separado, cada reunión que celebre o tribunal con asistencia de distintos compoñentes.

Artigo 7º.-Recurso contencioso-administrativo.⁽⁶⁾

As resolucións da Xunta Superior de Facenda esgotan a vía administrativa e caberá recurso contra elas en vía contencioso-administrativa, perante o órgano xurisdiccional competente, conforme as normas reguladoras desa xurisdición»..

Disposición adicional ⁽⁷⁾

A Xunta Superior de Facenda aplicará as normas procedementais previstas na Lei xeral tributaria e na súa normativa de desenvolvemento en materia de revisión en vía administrativa, coas oportunas adecuacións á organización e estrutura da Administración autonómica e, respectando a aplicación prioritaria deste decreto»..

⁶ *Artigo modificado polo Decreto 10/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproban determinadas modificacións en materia de taxas e prezos do imposto de contaminación atmosférica e en materia económico-administrativa (DOG nº 18, do 27 de xaneiro de 2009)*

⁷ *Disposición modificada polo Decreto 10/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproban determinadas modificacións en materia de taxas e prezos do imposto de contaminación atmosférica e en materia económico-administrativa (DOG nº 18, do 27 de xaneiro de 2009)*

Disposición derogatoria

Queda derogado o Decreto 215/1993, do 16 de setembro, polo que se regula a organización, as competencias, a composición e o funcionamento do Tribunal Económico-Administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 189, do 30.9.1993), así como cantas outras normas de igual ou inferior rango que se opoñan ó establecido na presente disposición.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o conselleiro de Economía e Facenda para dicta-las disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación do presente decreto.

Segunda.-O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, vinte de febreiro de mil novecentos noventa e sete.

Manuel Fraga Iribarne

Presidente

José Antonio Orza Fernández

Conselleiro de Economía e Facenda